

Departamento de Tecnoloxía

Actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría

Na etapa da ESO, a actividade lectiva da terceira avaliación rematará o 6 de xuño de 2022, data a partir da cal o centro desenvolverá as correspondentes sesións de avaliación na que o alumnado recibirá a cualificación da terceira avaliación.

As sesións de avaliación ordinaria realizaranse unha vez rematadas as actividades lectivas. Nelas o alumnado recibirá a cualificación global do curso.

O periodo entre o 6 de xuño e o fin das actividades lectivas dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación dos contidos e competencias traballados ao longo do curso.

O alumnado que unha vez rematada a terceira avaliación e aplicadas as porcentaxes xa detalladas na Programación de aula, obtivese cualificación igual ou superior a 5 aprobará o curso.

TIC 4º ESO, TIC 1º BAC, TEC 4º ESO, ROB 1º BAC

A aprendizaxe destas materias artículase en torno á realización de multitude de prácticas, guiadas e non guiadas, que permiten ao alumnado coñecer e/ou ampliar os seus coñecementos sobre distintas aplicacións coas que traballan, adquirindo competencias dixitais tan necesarias neste mundo actual.

Recuperación

1. Tendo o anterior en conta, o alumnado que non acade unha cualificación positiva na materia realizará / repetirá aquelas prácticas propostas ao longo do curso nas que os seus resultados non foron satisfactorios ou que simplemente non chegou a presentar. As novas cualificacións serán utilizadas para recalcular as notas das avaliacións e a correspondente nota final, seguindo os criterios de avaliación establecidos na programación.
2. O profesorado informará ao alumnado de cales son as actividades a repetir ou entregar por primeira vez para conseguir unha avaliación positiva.
3. No caso de que aínda realizando estas actividades, o alumnado non acade unha avaliación positiva, realizarase unha proba escrita que será definitiva e que lle permitirá ao alumnado superar a materia, sen ter en conta notas anteriores.

Reforzo, apoio, ampliación e tutoría

1. Para o alumnado que acadou as competencias de xeito suficiente, e por tanto, teña a materia aprobada pero queira mellorar os seus resultados, proporanse como actividades de reforzo, unha ou varias das actividades propostas ao longo do curso. Será o profesor o que decida cales actividades serán repetidas polo alumnado. A realización correcta destas actividades poderá engadir ata 1 punto á cualificación ordinaria, seguindo unha rúbrica ou guía de corrección, e podendo calcular o resultado atendendo a porcentaxes (90% da nota anterior e 10% da nota do traballo repetido).
2. Para o alumnado que acadou as competencias de xeito destacado e que aínda así teña capacidade de mellora na súa cualificación, o profesorado proporá a realización dunha actividade non guiada coa que o alumnado afondará no coñecemento dunha aplicación ou aplicacións, coas que traballará de xeito combinado, e coa que poderá subir a nota da cualificación ordinaria ata 1 punto, que poderá calcularse atendendo a porcentaxes (90% da nota anterior e 10% da nota do traballo repetido).

TEC 2º ESO, TEC 3º ESO, TEC IND I

Recuperación

1. O alumnado que non acade unha cualificación positiva en calquera das avaliacións fará unha proba de recuperación das mesmas. A nota final calcularáse a partir destes novos resultados e fará media coas notas das avaliacións aprobadas.
2. O alumnado tamén conta coa posibilidade da realización dunha proba única, final e definitiva que englobe os contidos traballados ao longo do curso e da que sairá a nota final, sen ter en conta cualificacións anteriores.

Reforzo, apoio, ampliación e tutoría

1. As actividades de reforzo poderán incluír a repetición dalgunha das actividades realizadas ao longo do curso. Así o alumnado poderá mellorar a nota correspondente á materia de cada avaliación. O alumnado será convenientemente informado polo profesorado. A nova nota da avaliación ordinaria recalculáse a partir destes novos resultados.
2. Para aqueles que sí teñan aprobada a materia de xeito destacado e queiran mellorar as súas cualificacións, o profesorado ofrecerá actividades de afondamento e ampliación, que tratarán sobre a parte do temario que non foi traballada por falta de tempo ou ben sobre temas que teñan relevancia dende o punto de vista da tecnoloxía e as súas aplicacións a distintos eidos da vida actual. Isto permitirálles engadir ata 1 punto á cualificación ordinaria, que poderá calcularse atendendo a porcentaxes (90% da nota anterior e 10% da nota do traballo repetido).

MESS 1º ESO

Refuerzo, apoio, ampliación e titoría

1. O alumnado que acade unha cualificación igual ou superior a 5 poderá mellorar esa cualificación final mediante a realización de actividades propostas durante o período entre o 6 de xuño e o fin das actividades lectivas, podendo engadir ata 1 punto á cualificación final antes descrita.

Recuperación

2. O alumnado que unha vez rematada a terceira avaliación e aplicadas as porcentaxe xa detalladas na Programación de aula, obtivese cualificación inferior a 5, deberá presentarse a unha proba de recuperación específica que se desenvolverá antes do 22 de xuño. Considerarase que o alumno ten a materia superada se obtén nesa proba unha nota de 5 ou superior.